



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA A EXPANSIÓN DO SECTOR COMERCIAL RETALLISTA

O venres día 11 de agosto de 2017 saíu publicada no DOG a orde sobre as axudas para proxectos de expansión do sector comercial retallista.

BENEFICIARIOS

Persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica sen personalidade xurídica.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- Proxectos de expansión comercial baseados no desenvolvemento do proxecto, na especialización ou diversificación de produtos e servizos nos que se inclúen como subvencionables: obras de reforma e acondicionamento, adquisición de mobles e equipamento, mellora da fachada do local e instalación de toldos, carteis ou similares e redacción do proxecto.
- Posta en marcha de proxectos piloto *pop up* (apertura durante 2 meses dun establecemento comercial), considerándose subvencionable o aluguer do local, acondicionamento, adquisición de mobles e equipamento.
- Titorización dos proxectos para a definición dunha estratexia comercial dixital.

CONTÍA

- **Proxectos de expansión comercial: máximo 30.000 euros.**
- **Posta en marcha de proxectos piloto pop up: máximo 3.500 euros.**
- **Titorización de proxectos: 1.080 euros.**

PRAZO:

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES** contado a partir do día seguinte á data de publicación da orde.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 24 de agosto de 2017.
O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE